

Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN DE BASES E INICIO DE PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN DUN/HA TRABALLADOR/A SOCIAL PARA O DEPARTAMENTO DE SERVIZOS SOCIAIS DO CONCELLO DE CARRRAL (CON CATEGORÍA PROFESIONAL DE TRABALLADOR/A SOCIAL A XORNADA COMPLETA NA MODALIDADE CONTRACTUAL DE INTERINIDADE ATA A INCORPORACIÓN DA TITULAR DO POSTO)

EXPEDIENTE:2021/G003/000058

O departamento de Servizos Sociais do Concello de Carral conta con dúas traballadoras sociais , atopándose na actualidade unha de elas en situación de baixa por IT sen que sexa previsible a súa incorporación nun período curto de tempo polo que urxe a substitución desta para un correcto funcionamento do departamento e do servizo aos veciños.

Ante esta necesidade os servizos municipais emitiron informe onde se estiman os custos a asumir polo Concello coa posible contratación dun/ha traballador/a social así como a elaboración das bases que rexerán o procedemento de selección.

Logo de ver o informe de fiscalización da Intervención (asinado dixitalmente o 9 de febreiro de 2021 en relación á miña proposta do 8 de febreiro de 2021), no que se indica que "(...) PRIMEIRO.- (...) considérase axustado á legalidade a contratación de persoal laboral para a cobertura deste posto. (...) TERCEIRO.- (...) esta modalidade contractual está enmarcada dentro da contratación laboral temporal. (...) SEXTA.- (...) verifícase a existencia de crédito máximo, conforme o sinalado no informe da Técnico de Administración Xeral do Concello que se establece un prezo máximo de 1.886,26 € de salario bruto ao mes (coa parte proporcional das pagas extras incluídas), un custe de indemnización de 53,89 €/mes, que se recolle na oferta de emprego que se anexa como documentación complementaria e que nunca superará o tempo que corresponda de baixa por IT, na aplicación presupostaria e por importe de 617,74 /mes€ na aplicación 231.16000. (...)".


Logo de ver que, se ben se asinou a proposta de decreto o 09 de febreiro de 2021 por parte desta Alcaldía e da técnica de administración xeral do Concello, quen actuaba coma Secretaria accidental do Concello nese día por ausencia do titular, non se incorporou ao trámite correspondente de TEdC (Creación de decreto-modelo de decreto), polo que compre refacelo,

Considerando canto dispón a lexislación aplicable, e en uso das atribucións que a esta Alcaldía outorga o art. 21.1.a) e g) da Lei 7/85, do 2 de abril e concordantes

RESOLVO

1.- Advocar singularmente neste caso (para poder iniciar a prestación do contrato á maior brevidade posible) a atribución delegada na Xunta de Goberno Local mediante o meu decreto 315/2019, do 18 de xullo de 2019, correspondente a "aprobación da oferta de emprego público, das bases das probas para a selección de persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo".

2.- Aprobar as bases que rexerán a contratación dun/ha traballador para departamento de Servizos Sociais do Concello de Carral (categoría profesional de traballador/a social, a xornada completa, na modalidade contractual de interinidade ata a incorporación da titular do posto) que quedan incorporadas como anexos de resolución, e autorizar o gasto correspondente. Nas bases indícanse as funcións e tarefas obxecto de contratación, requisitos específicos da persoas aspirante, duración máxima do contrato, retribucións, tipo de contrato, criterios de selección das persoas candidatas e sistema de publicidade da convocatoria



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

3.- Designar como instrutora dos expedientes, a efectos do indicado no punto 5º das bases, á técnica xurídica do Concello, dona Sonia Campos Ares.

4.- Ordenar a continuación do procedemento de selección de conformidade coas bases aprobadas.

Carral, na data de sinatura dixital que figura á marxe

O ALCALDE

Francisco Javier Gestal Pose

Visto o decreto,

O SECRETARIO

Diego García Doval